

AS TERMINACIÓNS *-ANAM* E *-ANAS* EN GALEGO (The Endings *-ANAM* and *-ANAS* in Galician)

Aquilino Santiago Alonso Núñez*
Universidade de Vigo

Abstract: In this work we study the results of the endings *-ANAM* and *-ANAS* in the municipality of Castrelo do Val, in the region of Verín, in the context of Galician and in the Galician-Portuguese dialect continuum. The data were obtained from our field research, ALGA, ALPI, NENQ and other research on Galician and Portuguese. We conclude that the reduction of the plural ending (*-áns* > *-ás*) was firstly achieved by eliminating the final consonant in the singular form (*-án* > *-á*). This explains why the westernising form *-ns* occupies a smaller territory than the singular variant *-án*. Changes recorded between the ALPI, ALGA, and NENQ surveys are small, and they show that there is a lot of linguistic continuity from 1934 to 2008, allowing us to see that the plural ending *-ás* and the singular form *-á* are slowly but surely gaining ground.

Keywords

Galician, dialectology, linguistic change, Galician morphology, nasalisation, suffix *-ANAM*

Resumo: Neste traballo estúdanse os resultados das terminacións *-ANAM* e *-ANAS* no concello de Castrelo do Val, na comarca verinesa, no conxunto do galego e no *continuum* dialectal galegoportugués. Os datos foron obtidos dunha indagación de campo propia, do ALGA, do ALPI, da NENQ e doutras investigacións sobre o galego e o portugués. Conclúese que a redución da terminación plural (*-áns* > *-ás*) se deu primeiro cá eliminación da consoante final no singular (*-án* > *-á*). Isto explica que a forma occidentalizante *-ns* ocupe un territorio menor có da variante singular *-án*. Os cambios rexistrados entre as enquisas do ALPI, do ALGA e da NENQ son pequenos, mostran que hai moita continuidade lingüística de 1934 a 2008 e permiten ver que a terminación plural *-ás* e a singular *-á* gañan terreo moi devagar.

* **Dirección para correspondencia:** Aquilino Santiago Alonso Núñez. Departamento de Filoloxía galega e latina. FFT. As Lagoas, Marcosende. 36310 Vigo (aalonso@uvigo.gal).

Palabras chave

Galego, dialectoloxía, cambio lingüístico, morfoloxía galega, nasalización, sufixo -ANAM

1. Introducción. Obxectivos e métodos do traballo

Esta investigación ten como obxectivo principal o estudo das terminacións -ANAM e -ANAS na fala do concello de Castrelo do Val, na da comarca verinesa e no conxunto do galego. Secundariamente tamén se terá en conta o *continuum* dialectal galegoportugués.

Para a fala do concello de Castrelo do Val realizáronse enquisas con preguntas e gravacións de falantes dos 16 lugares do municipio. Este forma parte da comarca verinesa ou *brencellá* ou *de Monterrei*, que fai fronteira coa portuguesa de Chaves (distrito de Vila Real).

A fala do municipio de Castrelo do Val pode ubicarse dialectalmente dentro da área oriental de transición do bloque central de Fernández Rei (1990, pp. 106-160; Alonso Núñez, 1995). O bloque central caracterízase polos plurais do tipo *pantalós* fronte ós plurais do tipo *pantalois* do bloque oriental e *pantalóns* do bloque occidental (mapa 253 do ALGA III). Alonso Núñez (2012) cuestionou a xerarquía da isoglosa -ns / -s / -is debido a que existen plurais en -ns na comarca verinesa (en O22 Campobecerros –Castrelo do Val– e en O29 Vilardevós), noutros puntos do bloque central e no bloque oriental. Este autor lanzou a hipótese de que o galego común coincide co bloque central neste caso e empregou *galego común*¹ como sinónimo da *koiné* galega que se foi xerando ó longo dos séculos. Moreno Cabrera (2008, pp. 13-60) emprega *koiné* para facer referencia á lingua común que vai xurdindo da confluencia das diferentes falas locais e distingue a *koiné* do estándar. A lingua estándar ou normativa é, para el, unha construción artificial feita dende arriba que, por exemplo, no caso do español, se fixo partindo, fundamentalmente, das variantes dialectais castelás e que se impuxo a través do aparato estatal.

Na *koiné* galega non sempre houbo unha variante que triunfase sobre as demais. Na *koiné* do galego actual, triunfou o galego con /θ/; agora ben, por veces, a *koineización* só abrangueu comarcas ou unións de comarcas pero sen chegar a se-la maioritaria en toda Galicia (Alonso Núñez, 2012, 2014a, 2014b, 2023b).

Os resultados da terminación -ANAM e -ANAS na fala do concello de Castrelo do Val contrastáronse cos resultados do conxunto do galego recollidos no ALGA e coa proposta de Fernández Rei (1990, pp. 59-64). Tamén se contrastaron os resultados do concello de Castrelo do Val cos traballos de Taboada (1978, 1979a, 1979b), os cales se centran na fala do val de Verín e nas falas meridionais de Ourense fronteirizas con Portugal, e cos datos que fun observando directamente ó longo dos anos (dende 1993) nas variedades doutros lugares da comarca de Verín e dos municipios lindantes (Alonso Núñez, 2002).

1 O *galego común* é aquel que ocupa a área maior. Esta é un concepto xeográfico da xeografía lingüística. Alonso Núñez (2023b) explica con máis detalles o concepto de *galego común*, que é equivalente ó de *norma normal* de Coseriu (1967), quen reproduciu neste libro que acabo de citar un texto de 1952.

Amais fíxose comparanza dos resultados da terminación -ANAM e -ANAS na fala do concello de Castrelo do Val cos datos do ALPI, cos da NENQ de 2008 (Rodríguez Lorenzo, 2022) e cos de García González (1985).

Na Nova Enquisa (NENQ), Rodríguez Lorenzo (2022) compara os datos recollidos en 1934-1935 no *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI) cos datos nos mesmos puntos dunha investigación de campo feita por el en 2008 (NENQ). Ademais tamén ten en conta os datos do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGA) recolectados en 1974-1977. Os puntos de enquisa do ALGA non son sempre os mesmos exactamente cós do ALPI.

O libro de Constantino García González (1985) recolle léxico de traballos realizados no seo da USC de diferentes lugares de Galicia. A pesar de que a rede non é moi mesta e de que só se estudou un punto do galego estremeiro, Porto (Zamora), a información rexistrada é moi valiosa.


Os contrastes mencionados permiten unha mellora da descrición e dos fundamentos da dialectoloxía galega e, especialmente, da comprensión dos cambios lingüísticos na longa duración²: de *-án* a *-á* (*irmán* > *irmá*, *mazán* > *mazá*, *mañán* > *mañá*...) e de *-áns* a *-ás* (*irmáns* > *irmás*). Estas evolucións serán cotexadas co mapa 253 de ALGA III, onde se recollen os plurais de *pantalón*.

Coas estratexias de investigación seguidas é evidente que se segue unha metodoloxía cualitativa e un modelo descritivo. Tales métodos ou camiños permiten adecuarse ó obxecto de estudo e realizar hipóteses xustificadas. A descrición ofrecida no traballo de campo sobre o concello de Castrelo do Val é a máis adecuada para comparar cos datos cualitativos recollidos por outros autores para o conxunto do galego, e permite conxectar unha reconstrución histórica sen pretensións de exhaustividade. Para isto asúmese que a razón exacta é imposible de alcanzar tanto na clasificación sincrónica das variedades dialectais como na evolución lingüística na longa duración. A convicción crítica nunca poderá pasar dunha adhesión en certo grao de certeza porque non se pode descartar que as cousas puidesen ser doutra maneira e isto quere dicir que a razón histórica non pode ser unha razón exacta (Baliñas Fernández, 1981).

Cómpre admitir que a incerteza é un trazo tanto da natureza e da humanidade como das ciencias da natureza e das ciencias humanas (Toulmin, 2003). En fin caso, as aspiracións das ciencias contemporáneas, tanto naturais como humanas, son máis modestas cá aspiración á racionalidade de rigor formal matemático³ que se impuxo a partir da filosofía racional-

2 Braudel (1949, 1970) analiza os sucesos históricos na *longue durée*. Para el, certas estruturas están dotadas de tan longa vida que se converten en elementos estables dunha infinidade de xeracións.

3 As demostracións matemáticas que existen a necesidade das deducións levaron a que as disciplinas sociais e humanísticas sentisen *enveja das matemáticas* e se internasen no bosque ou labirinto da estatística pero nesta só se entra cando non hai certeza e, ó non habela, nunca foi considerada como unha auténtica razón formal con implicacións necesarias (Toulmin, 2003, 2007). O cálculo probabilístico é unha formulación elíptica debido a que omite toda referencia explícita ó conxunto dos datos a partir dos cales se fai a aproximación. Compárese o número grandísimo das ocorrencias dun determinado fenómeno que se deron ó longo da historia co número recollido desas ocorrencias, que é pequenísimo. Se se dispuxese de tódolos datos, estes suxerirían con moita forza unha hipótese; agora ben, o truco retórico que consiste en inferir do verosímil unha conclusión necesaria non pode aceptarse. Polo contrario, vólvese imprescindible introducir un modalizador do tipo *probablemente* que mate a afirmación feita con datos estatísticos para mostrar que se sabe algo con certa fiabilidade pero sen ser necesariamente certo (Toulmin, 2007, pp. 69-128). En todo caso, cómpre someter a crítica calquera método de investigación (quer cualitativo, quer cuantitativo) e admitir que só se alcanzan conxecturas provisórias.



Mapa 1. Arciprestados e bispados de Galicia en 1994 no mapa grande, e desaxuste entre bispados e división provincial no mapa pequeno. (Fonte: Torres Luna e Pazo Labrador, 1994)

lista de Descartes e da física, baseada na xeometría euclideana, de Newton. A maneira diferente de considera-los fenómenos naturais e a conduta humana non ten nada de acientífico. Trátase de pór en funcionamento a razón no ámbito da práctica (a *razón práctica*) para pasar desde unha perspectiva racional en que todo A é necesariamente B a outra máis modesta, a chamada por Toulmin (2003) *perspectiva razoable*, que interpreta que todo A é *presumiblemente* B e que se guía pola experiencia anterior para a práctica nas ocasións futuras.

En definitiva, o estudo lingüístico desta investigación e, en xeral, das variedades tradicionais galegas é mellor realizalo a partir dos métodos ou camiños da dialectoloxía tradicional⁴, xa que a concepción que esta ten dos espazos é máis adecuada para unha sociedade sen megacidades. Inda hoxe, a urbanización de Galicia é escasa en relación a Europa Occidental.

O último obxectivo deste traballo consiste en relaciona-las diferentes zonas dialectais galegas con causas xeográficas de veciñanza e históricas (conventos xurídicos romanos, dioceses, arcedianados, arciprestados eclesiásticos, provincias e xurisdicións do Antigo Réxime, etc.). Cómpre lembrar que a comarcalización de Galicia se alicerza nas parroquias antigas altomedievais das que fala López Alsina (2009), e que estas conflúen *grosso modo* cos arciprestados ou coa administración civil en terras ou territorios do século XI (Baliñas, 2006). Por riba desta rede de pequenas autarquías, vanse consolidando as sés episcopais e o poder civil das capitais provinciais do Antigo Reino de Galicia. No mapa 1, pode verse o desacordo entre o poder civil e a división eclesiástica, o cal aumentou coa creación das catro provincias actuais no século XIX.

2. Unha primeira aproximación ós resultados de -ANAM e -ANAS

Fernández Rei (1990, pp. 59-64) establece nove sistemas en galego partindo dos resultados da terminación -ANUM, -ANAM, -ANOS e -ANAS das palabras latinas. As áreas lingüísticas resultantes deseñadas por Fernández Rei para esta terminación ensinan bastante ben cómo se foron producindo os procesos de converxencia ou confluencia lingüística dentro do galego.

	A	B	C	D	E	F	G	H	I
-ANUM	-ão	-án	-ao	-án	-ao/á	-ao	-ao	-án	-ao
-ANAM	-ãa/-ã	-án	-á	-án	-á	-án	-án	-án	-á/án
-ANOS	-ãos	-áns	-aos	-ás	-aos/ás	-aos	-aos	-áns	-aos
-ANAS	-ãs	-áns	-ás	-ás	-ás	-ás	-áns	-ás	-ás

Cadro 1. Sistemas de Fernández Rei (1990, p. 59).

Con respecto a Pérez Pascual (1982), quen usou datos do ALGA, Fernández Rei aumentou o sistema I, que é o característico do sur da comarca de Verín e de Hermisende (Zamora). O sistema A de Fernández Rei é o medieval e o de Le1 Candín; o B é o occidental; o C é o

⁴ Sobre a dialectoloxía galega véxanse Santamarina (1982), Fernández Rei (1990, pp. 31-38), González (2007) e Regueira (2008).

centrooriental; e os sistemas D, E, F, G e H son, para el, sistemas de transición entre o occidental (B) e o centrooriental (C).

O galego occidental (*meu irmán, meus irmáns, miña irmán, miñas irmáns*), denominado B por Fernández Rei, está formado polo galego tudense e a maioría do galego iriense e as formas masculinas del foron elixidas como norma exemplar ou canónica do galego (*Normas 1982*).

O galego da área maior ou común (sistema C de Fernández Rei) presenta as formas masculinas *irmao(s) / irmau(s)* e as formas femininas *irmá(s)* (*vid.* mapa 31 e 32 do ALGA II). Estas últimas foron seleccionadas como norma exemplar do galego (*Normas 1982*).

Méndez García de Paredes⁵ (1999) e López Serena (2015), seguindo a Coseriu⁶ (1967), distinguen entre *norma normal* (o que se ten por usual) e *norma exemplar*, elaborada para servir de exemplo nos usos lingüísticos. A norma idiomática exemplar non se fixou para o galego ata 1982 (*Normas 1982*); no entanto, a norma normal equivale á *koiné* que se foi facendo ó longo da historia de longa duración do galego.

O sistema do galego común (ou da área maior) coincide *grosso modo* co do portugués padrón, o cal é transcrito por Câmara Jr. (1973, p. 39) cun arqui fonema nasal (/awN/). Na práctica, a diferenza é mínima e, como moito, pode admitirse que a nasalidade do ditongo en galego é menor ca en portugués⁷. Así a todo, en territorio portugués, tamén se atopan diverxencias na transcripción da nasalidade. Krüger (1947, p. 33) transcribe para a lanza do arado [*temãu*] en Chaves e Taveiro (Coimbra) e [*temãũj*] en Vila Real.

Para Bisol e Veloso (2016), desde a época da lingüística estrutural competiron dúas visións sobre as vogais nasais portuguesas. Mentres un grupo de estudosos sostén que a nasalidade é contrastiva nas vogais (/Ñ/ vs. /V/), como, por exemplo, defendeu Hall Jr. (1943a,

5 “El otro significado de norma en la lengua común es más moderno, pues deriva de un préstamo del francés, la palabra *normal*, no documentada para el español hasta el siglo XIX: ‘lo que se tiene como corriente, ordinario y usual’. Esta acepción de la palabra *norma* en la lengua diaria es la que late en el tecnicismo acuñado por E. Coseriu en 1952 en su conocido artículo “Sistema, norma y habla” [omito nota]. Como bien se sabe, para este lingüista *norma* es un concepto relativo que sitúa la observación de los hechos lingüísticos entre la abstracción del sistema, que permite entender la lengua como una red de relaciones o estructura de elementos relacionados por oposición, y la concreción del habla. La norma de Coseriu reúne todas las ocurrencias que en el habla se manifiestan como regularidad, como hábito, como tradición idiomática. Todo hecho lingüístico que, pese a ser constante, es extrafuncional o asistemático. Se trata, pues, de una concepción del término bien distinta a la tradicional que subyace en gramática normativa o norma de prescripción; pero lo más importante es que, gracias a despojarse de cualquier implicación de prescriptivismo, se convierte en un concepto que recibe todos los honores dentro de una teoría lingüística que pretende ser científica.” (Méndez García de Paredes, 1999, pp. 109-110).

6 Aclaremos, además, que no se trata de la norma en el sentido corriente, establecida o impuesta según criterios de corrección y de valoración subjetiva de lo expresado, sino de la norma objetivamente comprobable en una lengua, la norma que seguimos necesariamente por ser miembros de una comunidad lingüística, y no aquella según la cuál se reconoce que «hablamos bien» o de manera ejemplar, en la misma comunidad. Al comprobar la norma a la que nos referimos, se comprueba cómo se dice y no se indica cómo se debe decir: los conceptos que, con respecto a ella, se oponen son *normal* y *anormal*, y no *correcto* e *incorrecto*. El hecho de que las dos normas puedan coincidir no nos interesa aquí; cabe, sin embargo, señalar que muchas veces no coinciden, dado que la «norma normal» se adelanta a la «norma correcta», es siempre anterior a su propia codificación (Coseriu, 1967, p. 90).

7 Regueira (2010, 2016) considera que, nas secuencias do tipo *mun*do, analizadas por el nun laboratorio de fonética, non se pode distinguir categoricamente entre a pronuncia dos falantes galegos e portugueses xa que a duración do xesto nasal é practicamente idéntica; admite que a diferenza está en que os falantes portugueses presentan maior nasalidade porque a porcentaxe de vogal nasalizada se aproxima ó 100% en portugués e é superior ó 50% en galego.



Mapa 2. *Irmá* e variantes.
(Fonte: Mapa 32 de ALGA II)

1943b), o outro grupo defende unha representación bifonémica⁸ constituída por unha vogal oral seguida dunha consoante nasal tautosilábica /VN/, como en Nobiling (1903) e moitos outros despois da primeira publicación deste autor. A interpretación bifonémica da vogal nasal prevalece con Câmara Jr.⁹ (1970) en Brasil e con Barbosa (1965, pp. 11-24, 1994, pp. 135-136) en Portugal; no entanto, Lüdtke (1953) defende a existencia de fonemas vocálicos nasais en portugués. Os experimentos fonéticos apoian a interpretación bifonemática. Moraes (2013, pp. 109-110) realizou un experimento cun test perceptivo da palabra *mando* [ˈmã̃do] con eliminación electrónica de [d]. Dado que os entrevistados optaron maioritariamente pola forma *ma.no* en lugar de *mão* [mẽw̃], aseverou que a consoante implosiva pasou a explosiva formando sílaba coa vogal seguinte.

Segundo Bisol e Veloso (2016), a polémica orixínase polo feito de que, no portugués brasileiro, a miúdo aparece a vogal nasal sen constrición nasal ou cunha constrición nasal curta, mentres que normalmente a constrición consonántica non aparece no portugués europeo.

Observando o mapa 32 do ALGA II, reproducido aquí como mapa 2, cabe mencioná-las seguintes particularidades: en puntos leoneses, só existe o castelanismo *ermana*; en Le1 Candín, aínda se conserva a vogal nasal (*ir[ˈmã̃]*) ou, polo menos, os investigadores que

⁸ Pimenta (2022) apunta outra interpretación bifonémica, non tan admitida como /VN/, que postula unha secuencia bifonémica /ṼṼ/ co segundo elemento de natureza vocálica (Carvalho, 1988; Parkinson, 1983; Pimenta, 2019).

⁹ Câmara Jr. (1970) analiza as vogais nasais no capítulo da silabificación e argumenta que estas son sílabas fonoloxicamente pechadas.

traballaron alí percibiron esa vogal como máis nasalizada¹⁰ cá do resto do galego; en L38 Nogueira (Ribas de Sil) e O11 Vilariño Frío (Montederramo) alternan *irmán* e *irmá*. Esta última alternancia indica que *irmá* debe interpretarse como unha evolución galega que elimina a resonancia nasal (*vid. infra*), grafada con consoante neste caso.

O galego do chamado *bloque occidental* conserva, en xeral, *irmán*. En C11 Mesoiro (concello da Coruña) *irmán* alterna con *irmá*. É posible que, se se rastrexase con máis insistencia no bloque occidental, se atopasen máis casos de eliminación do elemento nasal final. Na diocese mindoniense, hai algúns puntos (C7 Ferrol e C8 Ares) nos cales alterna *irmá* co castelanismo *ermana*. En ámbolos dous puntos tamén existe *irmá* como forma masculina. O sistema desta zona corresponde ó E de Fernández Rei.

A forma feminina *irmán* abrangue, ademais dos puntos illados que xa se indicaron, o galego tudense, case todo o galego iriense (incluso o punto C9 Pontedeume, limítrofe con Ferrol) e algún punto limítrofe da diocese lucense (P5 Moalde –Silleda–) e da diocese auriense (O19 San Roque –Padrenda–, O26 Terrachán –Entrimo–, O5a Camposancos –Avión–, e O10 San Cristovo –Ribadavia–). Aínda que non se recolla no ALGA II, hai *irmán* en Ramirás (García González *s. v. irmá*).

Os puntos da diocese lucense e da diocese auriense que usan *irmán* como forma feminina adquiren un aire lingüístico occidentalizante ou, se se quere, iriense no caso da diocese lucense e, fundamentalmente, tudense no caso da diocese auriense. A zona da Limia Baixa, en moitas ocasións, converxe coas formas portuguesas veciñas (*vid. infra*). Neste caso, a diferenza entre o galego baixolimego *irmán* e o portugués fronteirizo (*ir*['mã]) pode que non sexa máis ca unha falta de acordo entre as transcricións dos investigadores galegos e portugueses. Vasconcelos¹¹ (1985, p. 41 e p. 193) di que, en Chaves, as nasais non teñen a guturalidade das do Miño e que, en Vila Verde –lugar raioto do concello de Chaves– o *a* tónico nasal de palabras do tipo de *irmá* e *cámpo* ten un grao fraco de nasalidade. Para mostra-la fraquidade, optou por grafalas como eu acabo de citarlas.

Na zona da Limia Baixa galega, convén non esquecer que teñen vacas autóctonas chamadas *cachenas* coma as que hai nos lugares fronteirizos portugueses e, ademais, usan o carro de vacas idéntico ó usado no norte limítrofe portugués (Krüger 1947, pp. 43-50). Isto significa unha gran comunidade cultural¹² entre a zona galega e a zona portuguesa. A conservación de sibilantes sonoras na Baixa Limia galega abeira estas falas ó portugués norteño fronteirizo, onde tamén hai sibilantes sonoras.

Agora ben, a singularidade da fala do arceprelado de Entrimo (concello de Entrimo e case tódalas parroquias de Lobios) radica na hibridación resultante de uni-la norma normal portuguesa norteña ou, se se quere, tudense e bracaraense co ourensán limítrofe. Adscribir esta variedade ó bloque occidental non é mellor ca adscribila a un bloque meridional do

10 Para Vidal Figueroa (1992), as vogais nasais do ancorés teñen unha nasalidade menor cá das portuguesas.

11 Este autor editou o volume I dos *Opúsculos* en 1928 pero o volume VI non se publicou ata 1985, cando el xa morrera. O primeiro momento da dialectoloxía portuguesa vén ligado a Vasconcelos, que publicou os *Estudos de Filologia Mirandesa* (1900-1901) e a *Esquisse d'une dialectologie portugaise* (1901) e que dirixiu a *Revista Lusitana*, a cal editou o seu último número en 1943 (Castilho, 1972-1973, p. 125).

12 Caro Baroja (1973, p. 31) está convencido de que os conceptos de ciclo, de ámbito xeográfico-cultural e de área cultural teñen unha grande importancia dentro do método antropolóxico. Caro Baroja trata de busca-los elementos da cultura rural actual na fase prerromana (Mandianes Castro, 1996, p. 267).

cal poderían formar parte outros puntos do galego da provincia de Ourense, de Zamora e, incluso, se se quere, do tudense. Este último pode subdiferenciarse do galego auriense. Feita a subdiferenciación entre galego tudense e auriense, o baixolimego ou entrimeiro pode ser visto como un híbrido entre o galego tudense (coincidencia no uso de *n[e]ve*) e o auriense (coincidencia no timbre do pronome *il(e)*).

Como xa se dixo antes, a forma feminina *irmán* foi recollida en P5 Moalde –Silleda–, punto da comarca lalinense. O galego da zona de Lalín (pertencente á diocese lucense e á provincia civil de Pontevedra) é o resultado da hibridación do galego lucense, do galego iriense e do galego auriense e, en menor medida, do galego tudense e do galego mindonien- se. Os territorios históricos (neste caso, bispados) perviviron nun período longo de tempo e isto permitiulles a confluencia nalgúns trazos lingüísticos e a diverxencia noutros debido a que cada lugar tivo e ten contactos con sitios próximos diferentes e a que os resultados lingüísticos son produto da historia na longa duración de cada lugar (Alonso Núñez, 2023a, 2023b).

O galego de Avión e Ribadavia, poboacións que forman parte da comarca do Ribeiro, distínguese do resto do ourensán polos trazos que coinciden co galego tudense (ou co iriense ou co lucense) e que son distintos do resto do ourensán. Entrando en detalles, cada fala da comarca de Ribadavia pode ser singularizada cun trazo lingüístico fronte ás falas circundantes (Louredo Rodríguez, 2019).

No caso de *irmán*, a diocese tudense converxe coa maioría da diocese iriense pero noutras ocasións (existencia de /θ/) e, especialmente, na parte oriental converxe co galego auriense. Noutros casos como, por exemplo, o teísmo, parte da diocese tudense conserva un trazo arcaico, que é singular e minoritario en Galicia pero normativo e maioritario en Portugal.


Antes de presenta-las conclusións sobre os resultados das palabras do tipo GERMANAM e GERMANAS (8.), analízanse casos particulares coas terminacións -ANAM, -ANAS: *mazá* e variantes (3.), *la*, *ra* e variantes (4.), *mañá* e variantes (5.), a terminación -án e o plural -ns (6.), -ANA(M) no ALPI e na NENQ (7.).

3. *Mazá* e variantes

No mapa 38 do ALGA II sobre as variantes de *mazá*, pode verse que hai leves diferenzas coa distribución comentada no mapa de *irmá* (véxase o mapa 3 de elaboración propia feito a partir dos mapas 32 e 38 de ALGA II). *Mazán* abrangue o galego tudense (en P25 Guilla- de –Pontearreas–, hai alternancia de *mazán* e *mazá*), as zonas ourensás limítrofes da diocese tudense¹³ (O10 Ribadavia, O19 Padrenda, O26 Entrimo e O15 Ramirás¹⁴) e zonas do sur do val de Verín (O30 Oímbra e O29 Vilardevós). Neste caso, faise evidente que *mazán* se conservou no extremo lateral meridional do galego.

13 O arceprelado de Ribadavia pertenceu á diocese tudense ata 1955 (GEG s. v. *Tui*) e a diocese tudense pertenceu ó convento xurídico bracaraugustano. A diocese tudense chegaba ata o río Limia e abrangueu o Alto Miño portugués ata o século XV a pesar de que este territorio formaba parte do estado portugués. Esta pertenza axuda a explica-los trazos meridionalizantes que hai nas falas tudenses e, en particular, as pronuncias pechadas do tipo *n[e]ve* (Alonso Núñez, 2014a).

14 Neste punto, alternan *mazá* e *mazán*.




Mapa 3. Simplificación de *mazán* e *irmán* (fem.).
(Fonte: mapas 32 e 38 de ALGA II)

Mazán, á parte de abrangue-lo galego tudense e puntos aurienses limítrofes do tudense ou meridionais, tamén abrangue a inmensa maioría do galego iriense e algúns puntos limítrofes mindonienses (C7 Ferrol) e lucenses non tan limítrofes (L20 Friol¹⁵). En Z3 Hermissende (Zamora), rexístrouse *maz[æŋ]*. Este arcaísmo con *-n* nun lugar que pertencu a Portugal ata o século XVII (sobre os lugares da fronteira trasmontana portuguesa véxase Santos, 1967, pp. 57-99) confirma que a terminación *-án* pervive na área lateral meridional galega. O castelanismo *manzana* dise en Le5 Pombriego (Benuza).

15 En Friol, alternan *mazá* e *mazán*.

Resulta destacable que hai *mazán* e *irmá* en O31 Lobios, C26 Vilasantar, C28 Sobrado, C40 Touro, P1 Vila de Cruces, L20 Friol e C7 Ferrol; e que, en cambio, hai *mazá* e *irmán* en C9 Pontedeume, O5 Avión e O23 Bande.

Taboada (1979b, mapa 3 do apéndice) recolleu *mazá* no norte do val de Verín e *mazán* no sur como forma exclusiva en 20 Cabreiroá, 24 Tamagos, 25 Mourazos, 26 Tamaguelos, 28 Rabal, 27 Mandín, 25 Feces de Abaixo e 30 Feces de Cima e, alternando con *mazá*, en 21 O Rosal, 22 Oímbra, 23 San Cibrao e 16 Ábedes. Este mapa de Taboada reproducécese aquí co número 4. As alternancias do concello de Oímbra e do lugar de Ábedes (concello de Verín) proban que o cambio *mazán* > *mazá* é un cambio interno que aínda non se consolidara en todo o val de Verín.




Mapa 4. *Mazá* e *mazán* no val de Verín.
(Fonte: Taboada 1979b, mapa 3 do apéndice)

No concello de Castrelo do Val, tódolos enquisados responderon *mazá*. A área periférica da comarca de Verín coa terminación *-án* (< -ANA) sitúase no sur lindante con Portugal, onde pervive a palabra con resonancia nasal. A esta pervivencia puido axuda-la continuidade co portugués norteño limítrofe, onde se conserva a resonancia nasal e nasalidade fraca (Vasconcelos, 1985, p. 41 e p. 193).


4. *La, ra* e variantes

No val de Verín, *lan* consérvase como forma exclusiva nos puntos en que existe *mazán* e, ademais, en 18 Vilaza e 19 Queizás (Taboada, 1979b, mapa 2 do apéndice); *ran* consérvase nos mesmos puntos ca *lan*, exceptuando 18 Vilaza, onde se recolleu *ra* (Taboada, 1979b, mapa 4 do apéndice).

No mapa 5 de elaboración propia a partir dos mapas 2, 3, 4, 5 e 9 do apéndice de Taboada (1979b), poden verse os resultados da terminación *-ANA* e o plural *-ns* no val de Verín.



Mapa 5. Terminación *-án* e plural *-ns* no val de Verín.
(Fonte: Mapas 2, 3, 4, 5 e 9 do apéndice de Taboada, 1979b)



Mapa 6. Simplificación de *lan*, *ran* e *mañán* a partir de mapas do ALGA.
(Fonte: mapa 327 do ALGA II, e mapas 210 e 211 do ALGA III)

No concello de Castrelo do Val, non recollín formas con *-n*, só recollín *la* e *ra* e o castelánismo *rana*. Neste concello, existe o diminutivo *raniña*, o verbo *arranar* e o adxectivo *arranado*.

No mapa 210 do ALGA III (véxase tamén o mapa 6, simplificación de elaboración propia dos mapas 327 do ALGA II, e 210 e 211 do ALGA III), *lan* ocupa a zona occidental de Galicia. Os puntos máis orientais en que se di *lan* son C10 Sada, C19 Carral, C25 Mesía, C31 Oroso, C35 Santiago de Compostela, C44 Vedra, P5 Silleda, P10 Forcarei, P14 Cotobade, P17 A Lama, P20 O Covelo, O10 Ribadavia, O15 Ramirás, O19 Padrenda, O26 Entrimo e

O31 Lobios. Ademais, aparece *lan* nos puntos sureños O30 Oímbra, O29 Vilardevós e Z3 Hermisende. No resto de Galicia, recolleuse *la*, excepto en Le1 Candín, onde se rexistrou $l[\tilde{a}:] / l[\tilde{a}\tilde{a}]$, e en C7 Ferrol, C8 Ares, Le4 Carracedo e Le5 Benuza, lugares en que se atestou o castelanismo *lana*.

Cotexando os datos deste mapa cos de García González (*s. v. la*), obsérvase que, na zona occidental, onde no mapa 210 do ALGA III só se rexistrou *lan*, aparece *la* como forma única na parroquia de Razo (municipio de Carballo, arciprestado de Bergantiños) na área bergantiñá de Fernández Rei (*cf.* con C18 Carballo do ALGA) e *la* en alternancia con *lan* na comarca de Compostela (*cf.* C35 Santiago de Compostela do ALGA). *La* tamén aparece en alternancia con *lan* na parroquia de Oirós (municipio de Vila de Cruces (*cf.* P1 Vila de Cruces, arciprestado iriense de Piloño) e na comarca de Verín (*véxase supra*). Nesta última comarca, tamén se rexistra a alternancia no mapa 210 de ALGA III. A alternancia de Oirós (Vila de Cruces) mostra que a forma arcaica con *-n* (*lan*) se conserva nun punto máis oriental có que traza o mapa 210 do ALGA III. Neste mapa, hai *lan* en C44 Vedra e P5 Silleda pero non en C40 Touro, P1 Vila de Cruces e P7 Lalín.

Cotexando os datos do mapa 210 do ALGA III cos datos do mapa 211 do ALGA III (*véxase tamén aquí o mapa 6*), paréceme interesante comentar que, en O5 Avión, hai alternancia entre *ran* e *ra*. Neste punto, só se rexistrou *la*. Este dato demostra que as formas arcaicas con *-n* están sendo substituídas polas formas innovadoras sen *-n*. Este dato tamén o corrobora a forma *ran* nos puntos mindonienses de L17 Guitiriz e L11 Vilalba. Nestes lugares, non se rexistrou *lan*. A forma arcaica *ran* rexistrouse tamén en O30 Oímbra e O29 Vilardevós. Pero, en García González (*s. v. ra*), no concello de Vilardevós, só se recolleu *ra*. Isto leva a postular que o cambio lingüístico estaba en curso neste concello e que inda non se consolidara de vez. E o mesmo mostra a alternancia de *ran* e *ra* da comarca verinesa (García González *s. v. ra*). A forma arcaica con *-n* tamén aparece en Z3 Hermisende cunha pronuncia da vogal tónica diferente ($r[\epsilon/n]$). No mapa 211 de ALGA III, atestouse o castelanismo *rana* en moitos puntos do galego centrooriental. En Le1 Candín, recolléronse formas con $[\tilde{a}]$.

Partindo dos datos de García González (*s. v. ra* e *s. v. la*), pode constatar que o cambio lingüístico se estaba dando en Razo (municipio de Carballo), onde se di *ran* e *la*; en Oirós (municipio de Vila de Cruces, arciprestado iriense de Piloño), onde se utilizan *ra*, *la* e *lan*; na comarca de Compostela, onde se usan *la*, *lan*, *ran* e *arrán*; e no val de Verín, onde se atestan *la*, *lan*, *ra* e *ran*.

Así pois, o cambio lingüístico que elimina o *-n* (*ran* → *ra*, *lan* → *la*), detectado nestes lugares de Galicia, é, para min, un alicerce fundamental sobre o que explica-la evolución na longa duración de todo o galego. Existe unha zona (a centrooriental) na cal o cambio xa se cumpriu e outra zona (algún punto sureño e, especialmente, a occidental), onde se conserva a forma arcaica con *-n* (*lan*, *ran*) e, ademais, hai lugares que mostran o cambio en curso (a comarca compostelá, o municipio iriense de Vila de Cruces, o municipio de Avión, a comarca de Verín, os puntos mindonienses L17 Guitiriz e L11 Vilalba).

En resumo, quedan arcaísmos na zona compacta occidental, onde, así a todo, hai exemplos innovadores; nalgúns puntos sureños (val de Verín e Hermisende); e nalgún punto da diocese mindoniense. A variedade actual xurdiu como resultado do cambio lingüístico que conduce das formas arcaicas con *-n* ás formas innovadoras sen *-n*. Trátase dun cambio per-

ceptivo no grao de nasalidade tanto na palabra emitida como na recibida. Trátase dun cambio interno xa que, por exemplo, o castelanismo *manzana* non induce ó cambio de *mazán* a *mazá*.

5. *Mañá* e variantes

Mañán (Taboada, 1979b, mapa 5 do apéndice) só se conserva nos puntos meridionais do val de Verín (22 Oímbra, 23 San Cibrao, 27 Mandín, 25 Feces de Abaixo e 30 Feces de Cima). No concello de Castrelo do Val, só se usa *mañá*. Véxase no apartado anterior o mapa 5 cos resultados de *-án* no val de Verín.

O sur do val de Verín, ó mante-la terminación *-án* (< -ANA), converxe co portugués fronteirizo e apártase do galego común. Estas converxencias co portugués fronteirizo e outras, quer morfolóxicas como o plural rematado en *-ns*, quer léxicas coma o uso de *alustro*, singularizan o galego da comarca verinesa (Alonso Núñez 2012). En Chaves (pertencente ó distrito portugués de Vila Real), tamén se rexistrou *carpíns* coa terminación *-ns* (Vasconcelos, 1985, p. 43) e *alustro* (Pereira, 1912, p. 337). *Alustro* e *alustre* ocupan a maioría da provincia de Ourense, algúns lugares do sur da provincia de Lugo e algúns puntos da provincia de Pontevedra. Nesta última dominan *lustro* e *lustre* así como o verbo *lustrar* (véxanse os mapas 51a e 52a do ALGA IV). Inda que *alustro* se admite no galego normativo, a forma preferida nos usos formais, escritos e orais, é *lóstrego*. *Alustro* tamén se usa no portugués trasmontano (Dias e Tender s. v. *alustre* e s. v. *alustro*) e non se escolleu como portugués padrón¹⁶, o cal preferiu *relampo* (Costa e Sampaio e Melo s. v.), *relâmpado* e *relâmpago* (Costa e Sampaio e Melo s. v. *relâmpado* ou *relâmpago*). Santos (1967, p. 257) di que *alustre* e *alustro* se usan na fronteira norte trasmontana e que, na fronteira oriental, se usa máis *relistro*.

Mañán (vid. mapa 327 do ALGA II e mapa 6 arriba, feito a partir do mapa 327 do ALGA II, e dos mapas 210 e 211 do ALGA III) caracteriza o galego tudense e zonas aurienses próximas á tudense de Ribadavia (O5a Camposancos –Avión–; O10 San Cristovo –Ribadavia–; O5 Abelenda –Avión–), da comarca do Carballiño (O6 San Amaro, onde hai alternancia con *mañá*), da comarca de Celanova (O19 Padrenda; O15 Ramirás, onde hai alternancia con *mañá*) e do arciprestado de Entrimo (O26 Entrimo, O31 Lobios). En O5 Abelenda –Avión– e O15 Ramirás, *mañán* alterna coa forma innovadora *mañá*.

Mañán tamén caracteriza o galego iriense incluídos os galegos capitalinos de C35 Santiago de Compostela, C11 A Coruña e P15 Pontevedra. Dentro do galego iriense, o uso de *miñán* (alternando en varios puntos con *mañán*) singulariza falas do occidente da provincia da Coruña. *Mañán* non se di en toda a diocese iriense. A única forma rexistrada en C20 Aranga, C26 Vilasantar, C40 Touro e P1 Vila de Cruces foi *mañá*. Ademais, hai alternancia de *mañán* e *mañá* en C9 Pontedeume e C14 Monfero. Esta alternancia tamén se dá no punto do bispado lucense de C28 Sobrado e no mindoniense de C7 Ferrol. A forma *mañán* úsase nalgúns puntos da diocese lucense limítrofes da diocese iriense (P7 Santiso –Lalín– e P5 Moalde –Silleda–).

16 *Alustro* aparece como rexionalismo no dicionario DPLP (s.v. *alustro*).

As falas da comarca lalinense están abertas ás influencias dos galegos circundantes. Esta influencia variada é o que singulariza este galego. Unhas veces, esta comarca presenta aire occidentalizante (*mañán*, seseo implosivo) e, outras, orientalizante (*ra*, ausencia de seseo implosivo e explosivo). O punto P5 Silleda é o que conserva máis as formas occidentalizantes con *-n* (*lan*, *ran*). Na comarca de Lalín, rexistrouse seseo implosivo en P2 Agolada, P7 Lalín e P5 Silleda (González, 1991, mapa 3).

Mañán pervive no punto meridional Z3 Hermisende. En Le1 Candín alternan *mañá* e *mañ[ãa]*. A última palabra considérase un resto fósil da forma medieval que se orixinou ó caer *-n-* e é índice dunha vogal máis longa que se considera nasal. Obsérvese que a alternancia de formas parece mostra-lo cambio de vogal nasal a vogal oral sen o paso intermedio con epéntese consonántica. No fondo o problema radica na escolla elixida para a representación gráfica da pronuncia da resonancia nasal (*-ãa*, *-ã* ou *-án*).

Como se pode ver no mapa 6, a zona coa forma arcaica con *-n* (*mañán*) abrangue unha zona occidental máis grande cá zona de *lan* e *ran*. O resto do galego conforma o galego común, o cal toma como base o galego da diocese lucense e a maioría do galego do bispado auriense e, practicamente, todo o galego da diocese mindoniense. Ademais, converxen no galego común o galego da diocese de Oviedo¹⁷, o galego da diocese de Astorga¹⁸, algúns puntos do galego do Bierzo¹⁹ e o galego bragançano ou zamorano²⁰ coa excepción de Hermisende. A diferenza cultural entre a Galicia costeira occidental (para nós, *grosso modo* a diocese iriense e a tudense) e o resto oriental de Galicia xa fora sinalada por Krüger (1947), quen observou similitudes culturais entre a Galicia non occidental e as zonas lindantes asturianas e leonesas.

6. A terminación *-án* e o plural *-ns*

No mapa 7 de elaboración propia coa distribución dos resultados de *-ANA* (mapas 32, 38 e 327 de ALGA II; e mapas 210 e 211 de ALGA III) e cos plurais das palabras rematadas en *-n* (mapa 253 de ALGA III), pode verse que o marcador occidentalizante *-ns* ocupa unha zona máis pequena ca aquela que cobre a terminación *-án*.


O maior tamaño do territorio con alternancia *-án* / *-á* có da zona con *-á* como forma exclusiva fai boa a hipótese de que os elementos coa terminación *-á* evolucionaron dende *-án* (cf. Le1 Candín). O proceso evolutivo está en curso en todo o territorio con alternancias da

17 A diocese de Oviedo creouse no século IX sacándolle á de Bretoña, temporalmente desaparecida a consecuencia da invasión sarracena, a zona asturiana da marxe dereita do Eo, que fora do bispado de Lugo antes, e dándolle ademais varios territorios de interior deste último (<https://www.diocesisdelugo.org/category/historia/>).

18 A parte nororiental da provincia de Ourense pertenceu e pertence ó bispado de Astorga (GEG *s.v.* *Astorga, Diócesis de*).

19 A existencia do galego no Bierzo pode explicarse porque pertenceu ó convento romano xurídico lucense ou pola posesión da diocese de Lugo do arciprestado de Valcarce, que é a zona berciana onde se fala galego (Alonso Núñez, 2021-2022, p. 143).


20 Denomínase *galego zamorano* o galego falado nunha parte da provincia de Zamora e na Mezquita (Ourense). Esa zona (*a área zamorana* de Fernández Rei) pertenceu durante a Idade Moderna a Bragança (Portugal) e iso xustifica a denominación *galego bragançano* (Alonso Núñez, 2021-2022, p. 148, nota 25). Tal pertenza explica a singularidade desas variedades con trazos coincidentes co portugués norteño (teísmo, sibilantes sonoras, *comí...*) e non co galego común ou *koiné* galega.



Mapa 7. Resultados de -ANA e do plural -ns simplificados.
(Fonte: mapas de ALGA II e ALGA III)

terminación *-án* e *-á* segundo cada palabra. Consérvanse palabras coa terminación *-án* xunto a palabras coa terminación *-á* na provincia de Lugo, quer na diocese de Mondoñedo (L11 Vilalba, L17 Guitiriz), quer na diocese lucense (L20 Friol, L36 Ribas de Sil); na provincia da Coruña (C7 Ferrol, C9 Pontevedume, C14 Monfero, C20 Aranga, C26 Vilasantar, C28 Sobrado, C40 Touro); na provincia de Pontevedra (P1 Vila de Cruces, P7 Lalín); na provincia de Ourense (O6 San Amaro, O16 Ramirás, O31 Lobios, O30 Oímbra, O29 Vilardevós, O11 Montederramo) e na provincia zamorana (Z3 Hermisende).

- -an no ALPI ● -a no ALPI
- △ -an no ALGA ▲ -a no ALGA
- -an na NENq ■ -a na NENq



Mapa 8. Distribución de *-án* e *-á* no ALPI, no ALGA e na NENq.

7. -ANA(M) no ALPI e na NENq

Rodríguez Lorenzo (2022) recolle os datos da distribución de *mañán*, *mazán*, *lan* e *ran* nos mapas 27 (con datos de 1934-35 do ALPI), 28 (con datos nos mesmos puntos do ALGA recollidos en 1974-77) e 29 (con datos recollidos por el en 2008 (NENq) nos mesmos puntos do ALPI). No mapa 8 de elaboración propia feito cos tres mapas citados, pode verse que a variación é pequena entre 1934 e 2008.

No ALPI hai alternancia entre *-án* e *-á* no punto 102 Miño (= C9 Pontedeume no ALGA) e 118 Guitiriz (= L17 Guitiriz no ALGA). No ALGA e na NENQ en 102 e 108 xa non se rexistrou a alternancia e só figuran formas en *-á*. Por outra parte, no ALGA rexistráronse en O10 Ribadavia (= 143 A Arnoia no ALPI) formas só con *-án* (*mañán, lan* e *ran*) e alternancia entre *mazán* e *mazá*. Esta última alternancia é debida, segundo as notas do ALGA, a que se rexistrou *mazán* en Ribadavia e *mazá* en Leiro. Na NENQ só se rexistrou *-á* en 143 A Arnoia, onde no ALPI só se recollera *-án*. Dos datos do punto O10 Ribadavia indúcese que cada lugar ten unha fala diferente e, como se pode ver en Alonso Núñez (2013), por moi próximos que sexan os lugares non teñen unha mesma comunidade de fala senón que presentan diferenzas lingüísticas.

Na NENQ non figura a terminación *-án* en 129 A Bandeira (Silleda), onde si se rexistrou no ALPI e no ALGA. Neste último atlas usouse outro punto (P5 Moalde –Silleda–) do mesmo concello e nel só se recolleu *-án*.

Dado que a distribución de *-án* e *-á* aparece nunha rede máis grande e mesta de puntos no ALGA ca no ALPI, a fronteira de *-án* queda máis a oriente no ALGA ca no ALPI; agora ben, diso non se pode concluír que *-án* se expandiu en dirección oriental. A expansión dáse en sentido contrario (cara a occidente) e é a terminación *-á* a que se está impondo como norma normal do galego, é dicir, como galego común. A norma exemplar do galego (*Normas 1982*), que fixou *-á* como normativa, fará que no futuro *-án* se volva aínda máis residual. O avance das formas normativas con *-á* mostrouno Louredo Rodríguez (2019, pp. 46-48) na xeración dos novos das variedades da comarca do Ribeiro, e Soto Andión (2014, p. 226) para algunhas variedades do galego da Terra de Montes, onde as solucións *-án* / *-á* son as habituais nos máis novos pola influencia do galego da escola. Isto é así na Terra de Montes a pesar de que a súa fala tradicional ten os resultados *-au* / *-án* (*meu irmau* / *irmán*) para masculino e *-á* / *-án* para feminino (*miña irmán* / *irmá*).

O visto sobre o plural *-ns* no ALPI e na NENQ non contradí o dito sobre o ALGA: o territorio de *-ns* ocupa un tamaño menor có de *-án*; o plural *-s* e a terminación *-á* gañan terreo dun xeito moi paseniño e iso fai que predomine a continuidade lingüística de 1934 a 2008, é dicir, dende que se principiaron as enquisas do ALPI ata que se realizou a NENQ en 2008.

Segundo Louredo Rodríguez (2019, pp. 46-48), na comarca do Ribeiro as variantes máis frecuentes son as rematadas en *-án* (*mazán, irmán, soán* e *mañán*) en tódalas localidades estudadas. As formas en *-á* son máis frecuentes entre a xeración nova (os menores de 30 anos) e foron rexistradas en falantes de 5 localidades (Abelenda –Avión–, As Bouzas –Castrelo de Miño–, Esposende –Cenlle–, Ribadavia –Ribadavia– e Regodeigón –Ribadavia–). Nos informantes da xeración máis vella só hai *-á* en alternancia con *-án* en Abelenda, que é o punto máis occidental e norteño da comarca; no resto dos puntos a xeración máis vella conserva *-án*.

O ALPI foi concibido como un atlas para capta-las divisións entre os grandes dominios da península ibérica e nel non se pescudou especificamente polos resultados do plural das palabras rematadas en *-n*. Rodríguez Lorenzo (2022, pp. 165-169) tivo en conta os resultados completos dunha única pregunta (*se castigó a los ladrones*) e comprobou resultados parciais doutras palabras (*riñóns, lacóns*). Só detectou dous cambios dende 1934 a 2008. Na NENQ en 149 A Gudiña (= O21 A Gudiña no ALGA) o entrevistado respondeu *-ois*, plural

coincidente co do ALPI e do ALGA; no entanto; dixo que tamén usaba *-ós* cando ía a Verín²¹, que actúa como centro comercial e de servizos. No punto 102 A Arnoia do ALPI rexistráronse plurais do tipo *-óns* pero estes plurais non se recolleron nin na NENQ no mesmo lugar (102 A Arnoia) nin no ALGA no punto equivalente C 10 Ribadavia.

A tese de Louredo Rodríguez (2019, pp. 52-53) permite mellorar os datos lingüísticos sobre a comarca do Ribeiro. Este autor rexistra na xeración máis vella, a maior de 60 anos e a que fala o galego tradicional de cada lugar, *-ós* no norte e *-óns* no sur. Baixando ó detalle hai *-ós* en Abelenda (Avión), Orega (Leiro), Esposende (Cenlle), As Bouzas (Castrelo de Miño) e Regodeigón (Ribadavia); e hai *-óns* en Ribadavia (Ribadavia), Vilar de Condes (Carballeda de Avia), Penavaqueira (Melón), A Arnoia (Arnoia) e Louredo (Cortegada). Para a xeración intermedia (entre 40 e 56 anos) os datos son idénticos. A xeración máis nova (entre 16 e 30 anos) segue coa fala tradicional de cada lugar pero os informantes de Esposende (Cenlle) e Regodeigón (Ribadavia), que usaron os plurais *-ós* en toda a entrevista, responderon na enquisa coa forma normativa *-óns*, que difunde a escola e os medios de comunicación.

8. Cabo

Sen pretender reconstruír dunha maneira exacta a distribución, a historia e a evolución das terminacións analizadas, remátase este artigo con consideracións respaldadas polos datos expostos ó longo do traballo, que son comprobables e corrixibles. Así a todo, o conxecturado queda aberto para ser criticado, reformulado e refutado por outras investigacións.

Ó analiza-la distribución dialectal das variantes de *mazán*, *irmán*, *lan*, *ran* e *mañán*, obsérvase que o territorio de *mazán* é un pouco máis grande có de *irmán*, que a zona coa forma arcaica con *-n* de *mañán* abrangue unha zona occidental máis grande cá zona de *lan* e *ran*, e que a variedade actual xurdiu como resultado do cambio lingüístico que eliminou *-n*. O territorio da forma occidentalizante feminina *irmán* é menor có que ten a terminación *-án* no conxunto analizado (*mazán*, *irmán*, *lan*, *ran* e *mañán*). Agora ben, a zona da palabra feminina *irmán* é maior cá do plural occidentalizante *-ns*. Os resultados *-á* e *-ás*, que son os propios do galego común ou *koiné* galega (o galego centrooriental), fóronse impondo sobre as falas occidentais moi a xeitiño como mostran os datos deste traballo e seguirán impóndose por seren os seleccionados para o estándar galego, para o galego canónico ou exemplar (*Normas 1982*). As dúas converxencias lingüísticas (o galego centrooriental e o galego occidental) enraízanse en diferenzas e afinidades culturais que veñen de vello e que foron destacadas por Krüger (1947).

A perda da nasal deuse antes na forma plural porque tiña unha sílaba máis complexa (*-áns*) cá singular (*-án*). O cambio no plural axudou a consolida-la muda no singular para facer máis regular a formación do plural (*irmán*, *irmás* → *irmá*, *irmás*).

21 Alonso Núñez (2002) detectou difusión de *-ós*, forma converxente co ourensán prototípico e co galego común, cara ó oriente de Verín (incluída A Gudiña) e rexistrou no concello de Riós os tres plurais (*-ns*, *-s* e *-is*) para as palabras rematadas en *-n* no singular. Vázquez Santamaría (1971, p. 5 e p. 120) xa recollera variación na Gudiña: *pantalois / orquillós* (*sic*), *mamois / mamós* ‘dentes de leite’.

O proceso evolutivo de *-án* a *-á* xa agromou en parte do galego occidental e está en curso en moitos lugares do territorio de fala galega. Consérvanse palabras coa terminación *-án* xunto a palabras coa terminación *-á* no occidente da provincia de Lugo e da provincia de Ourense, e no oriente da provincia da Coruña e da provincia de Pontevedra. Amais do resto fósil de Le1 Candín e de illas conservadoras no galego centrooriental, quedan restos de *-án* en zonas que mostran continuidade co portugués norteño (na provincia de Zamora e no sur da provincia de Ourense).

A comparanza entre os resultados do ALPI, do ALGA e da NENQ mostra que houbo unha variación pequena e suxire que a continuidade ou conservación lingüística inda debeu ser maior no pasado debido a que a escolarización, o aparato estatal e os medios de comunicación estaban menos difundidos.

Por último, segundo os datos do ALGA, os resultados de *-ANAM* e *-ANAS* comentados levan a postular que cada lugar ten a súa fala ou variedade lingüística e que cada palabra ten a súa propia historia. En Alonso Núñez (2013), mostrouse que cada lugar do municipio de Castrelo do Val posúe unha forma distinta de falar e, en Alonso Núñez (2023b), que isto podía extrapolarse para o resto do galego.

REFERENCIAS

- ALGA I = Fernández Rei, F. (Coord.) (1990). *Atlas Lingüístico galego. Vol. I: Morfoloxía verbal*. Fundación Barrié de la Maza.
- ALGA II = Álvarez Blanco, R. (Coord.) (1995). *Atlas Lingüístico Galego. Vol. 2: Morfoloxía non verbal*. Fundación Barrié de la Maza.
- ALGA III = González González, M. (Coord.) (1999). *Atlas Lingüístico galego. Vol. III: Fonética*. Fundación Barrié de la Maza.
- ALGA IV = Fernández Rei, F. (Coord.) (2003). *Atlas Lingüístico galego. Vol. IV: Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. Fundación Barrié de la Maza.
- ALPI = Navarro Tomás, T. (1962). *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica, v. 1, Fonética-I*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- ALONSO NÚÑEZ, A. S. (1995). Notas sobre a fala de Campobecerros. *Cadernos de Lingua, 11*, 103-127. <https://doi.org/10.32766/cdl.11.532>
- ALONSO NÚÑEZ, A. S. (2002). Contribución ó estudio da fronteira entre os bloques oriental e central no sueste da provincia de Ourense. En R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa. (Eds.). *Dialectoloxía e léxico* (pp. 223-244). Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- ALONSO NÚÑEZ, A. S. (2012). El bloque central de Fernández Rei y el habla gallega del ayuntamiento de Castrelo do Val (Ourense, España). *Quaderni di Semantica, XXXIII (1)*, 155-182.
- ALONSO NÚÑEZ, A. S. (2013). Diferenzas e converxencias dialectais dentro do concello de Castrelo do Val. *Estudos de Lingüística Galega, 5*, 5-25. <https://revistas.usc.gal/index.php/elg/article/view/1348/1185>
- ALONSO NÚÑEZ, A. S. (2014a). El vocalismo tónico y los principales fenómenos que lo afectan en un habla gallega del sureste de la provincia de Ourense (España).

Zeitschrift für Romanische Philologie, 130(3), 725-753. <https://doi.org/10.1515/zrp-2014-0057>

- ALONSO NÚÑEZ, A. S. (2014b). La metafonía nominal en un habla gallega. *Neuphilologische Mitteilungen*, CXV (3), 259-281.
- ALONSO NÚÑEZ, A. S. (2021-2022). El bloque oriental de Fernández Rei *versus* el gallego lateral oriental con diminutivo descendiente de -ĪNUM distinto de -iñ-o. *Quaderni di Semantica*, n.s. 7-8, 115-159.
- ALONSO NÚÑEZ, A. S. (2023a). Los pronombres personales tónicos en un habla gallega. *Neuphilologische Mitteilungen*, 124(2), 6-58. <https://doi.org/10.51814/nm.124839>
- ALONSO NÚÑEZ, A. S. (2023b). Alicerces para trazar unha caracterización dialectolóxica da fala do concello de Castrelo do Val e do conxunto do galego, e a súa relación co cambio lingüístico. *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, 26, e94029. <https://dx.doi.org/10.5209/madr.94029>
- BALIÑAS, C. (2006). Terra, tempo e xente: as orixes altomedievais da comarcalización de Galicia. En R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa. (Eds.). *Lingua e Territorio* (pp. 93-101). Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- BALIÑAS FERNÁNDEZ, C. (1981). Contra el imperialismo de la razón exacta. *Ágora: Papeles de filosofía*, 1, 7-64.
- BARBOSA, J. M. (1965). *Études de phonologie portugaise*. Junta de Investigações do Ultramar.
- BARBOSA, J. M. (1994). Fonética e fonologia. En G. Holtus, M. Metzeltin e C. Schmitt. (Eds.). *Lexikon der Romanistischen Linguistik VI*, 2 (pp. 130-142). Niemeyer.
- BISOL, L. e VELOSO, J. (2016). Phonological Processes Affecting Vowels: Neutralization, Harmony and Nasalization. En W. L. Wetzels, J. Costa e S. Menuzi. (Org.). *The Handbook of Portuguese Linguistics* (pp. 69-85). John Wiley / Sons. <https://doi.org/10.1002/9781118791844.ch5>
- BRAUDEL, F. (1949). *La Méditerranée et le monde méditerranéen à l'époque de Philippe II*. Armand Colin.
- BRAUDEL, F. (1970). La larga duración. En *La historia y las ciencias sociales* (2ª ed.) (pp. 60-106). Alianza Editorial. [Trad. Josefina Gómez].
- CÂMARA JR., J. MATTOSO (1970). *Estrutura da Língua Portuguesa*. Editora Vozes.
- CÂMARA JR., J. MATTOSO (1973). *Problemas de Linguística Descritiva* (2ª ed.). Editôra Vozes.
- CARO BAROJA, J. (1973). *Los pueblos del Norte de la Península Ibérica*. Txertoa.
- CARVALHO, J. Brandão de (1988). Nasalité et structure syllabique en portugais et en galicien: approche non linéaire et panchronique d'un problème phonologique. *Verba*, 15, 237-263.
- CASTILHO, A. T. de (1972-1973). Rumos da dialetologia portuguesa. *Alfa: Revista de Linguística*, 18-19, 115-153.
- COSTA, J. ALMEIDA e SAMPAIO e MELO, A. (1983). *Dicionário da língua portuguesa* (5ª ed.). Porto Editora.
- COSERIU, E. (1967). Sistema, norma y habla. En *Teoría del lenguaje y lingüística general* (2ª ed.) (pp. 11-113). Gredos.

- DIAS, A. e TENDER, M. (2005). *Dicion3rio de trasmontanismos*. Associa33o Rotary Club.
- DPLP = (2008-2023). *Dicion3rio Priberam da L3ngua Portuguesa*. [<https://dicionario.priberam.org/chave;04-12-2023>].
- FERN3NDEZ REI, F. (1990). *Dialectolox3a da lingua galega*. Xerais.
- GARC3A GONZ3LEZ, C. (1985). *Glosario de voces galegas de hoxe*. Universidade de Santiago de Compostela. [Anexo 27 de *Verba*].
- GEG = Cañada, S. (ed.) (1974). *Gran Enciclopedia Gallega*. 30 vols. Silverio Cañada.
- GONZ3LEZ, M. (1991). Subsistemas de sibilantes do galego actual". En D. Kremer. (ed.). *Actes du XVIII^{eme} Congr3s International de Linguistique et Philologie Romanes (1986)*. Vol. 3 (pp. 531-548). Niemeyer.
- GONZ3LEZ, M. (2007). El *Atlas lingüístico galego*, un hito en la historia de la dialectología gallega. En J. Dorta. (Ed.). *Temas de dialectología*. (pp. 97-121). Instituto de Estudios Canarios.
- HALL Jr., R. A. (1943a). The unit phonemes of Brazilian Portuguese. *Studies in linguistics*, 1(15), 1-6.
- HALL Jr., R. A. (1943b). Occurrence and orthographical representation of phonemes in Brazilian Portuguese. *Studies in Linguistics*, 2(1), 6-13.
- KRÜGER, F. (1947). *El léxico rural del noroeste ibérico*. [Anejo XXXVI de *Revista de Filología Española*].
- L3PEZ ALSINA, F. (2009). Da protoparroquia ou parroquia antiga altomedieval 3 parroquia cl3sica en Galicia. En F. Garc3a Pazos. (Coord.). *A Parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro* (pp. 57-75). Xunta de Galicia.
- L3PEZ SERENA, A. (2015). La tensi3n entre teor3a y norma en la Nueva gram3tica de la lengua española. Una falsa disyuntiva epistemol3gica. *Bolet3n de la Real Academia Española*, 95(311), 143-166.
- LOUREDO RODR3GUEZ, E. (2019). *Variaci3n e cambio lingüístico en tempo aparente: o galego do Ribeiro*. [Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela]. <http://hdl.handle.net/10347/19106>
- LÜDTKE, H. (1953). Fonem3tica Portuguesa II. Vocalismo. *Boletim de Filologia*, XIV (3-4), 197-217.
- MANDIANES CASTRO, M. (1996). Caro Baroja y Galicia. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, LI (1), 265-281. <https://doi.org/10.3989/rtdp.1996.v51.i1.334>
- M3NDEZ GARC3A DE PAREDES, E. (1999). La norma idiom3tica del español: visi3n hist3rica. *Philologia hispalensis*, 13, 109-132. <https://doi.org/10.12795/PH.1999.v13.i01.08>
- MORAES, J. A. de (2013). Produ33o e Percep33o das Vogais Nasais. En A. Castilho *et al.* (Eds.). *Gram3tica do Portugu3s Falado*, vol. VII (pp. 95-112). Editora Contexto / FAPESP.
- MORENO CABRERA, J. C. (2008). *El nacionalismo lingüístico. Una ideología destructiva*. Península.
- NENQ = Rodr3guez Lorenzo, D. (2022). *Variaci3n e cambio lingüístico en tempo real. Un estudo sobre o galego con base en materiais xeolingüísticos*. Universidade de Santiago de Compostela. <http://hdl.handle.net/10347/29352>

- NOBILING, O. (1903). Die Nasalvokale im Portugiesischen. *Die Neueren Sprach*, II, 129-153. *Normas 1982* = Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega (1982). *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- PARKINSON, S. (1983). Portuguese nasal vowels as phonological diphthongs. *Lingua*, 61, 157-177. [https://doi.org/10.1016/0024-3841\(83\)90031-1](https://doi.org/10.1016/0024-3841(83)90031-1)
- PEREIRA, A. Gomes (1912). Vocabulários de vários concelhos do districto de Vila Real. *Revista Lusitana*, XV, 333-350.
- PÉREZ PASCUAL, J. I. (1982). Observaciones en torno a la desaparición de la -N- intervocálica en gallego. *Verba*, 9, 201-213.
- PIMENTA, H. (2019). *Nasalité et syllabe. Une étude synchronique, diachronique et dialectologique du portugais européen*. [Thèse de doctorat, Université Paris 8 Vincennes-Saint-Denis].
- PIMENTA, H. (2022). Sobre a Ditongação de Vogais Nasais em Português Europeu. En M. dos S. M. Vieira e V. Meireles. (Eds.). *Variação em Português e em Outras Línguas Românicas* (pp. 67-90). Blucher. <https://doi.org/10.5151/9786555501292-03>
- REGUEIRA, X. L. (2008). Os estudos de dialectoloxía galega. En E. Corral, L. Fontoira e E. Moscoso (Eds.). *“A mi dizen quantos amigos ey”: Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro* (pp. 573-584). Universidade de Santiago de Compostela.
- REGUEIRA, X. L. (2010). Nasalización en gallego y en portugués. *Estudios de Fonética Experimental*, 19, 71-110. <https://www.raco.cat/index.php/EFE/article/download/218542/297973/>
- REGUEIRA, X. L. (2016). Variación lingüística, dialectoloxía e gramática histórica: algúns problemas do cambio lingüístico en galego e portugués”. En A. Rodríguez Guerra (Ed.). *Lingüística Histórica e Dialectoloxía: Coordenadas do cambio lingüístico* (pp. 17-34). Universidade de Vigo.
- RODRÍGUEZ LORENZO, D. (2022). *Variación e cambio lingüístico en tempo real. Un estudo sobre o galego con base en materiais xeolingüísticos*. [Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela].
- SANTAMARINA, A. (1982). A dialectoloxía galega: historia e resultados. En D. Kremer e R. Lorenzo (eds.). *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*. Xunta de Galicia / Consellería de Cultura, 153-187.
- SANTOS, M.^a J. de M. (1967). *Os fálares fronteiriços de Trás-os-Montes*. Separata da *Revista Portuguesa de Filologia*, vols. XII, tomo II; XIII e XIV.
- SOTO ANDIÓN, X. (2014). Contacto y desplazamiento lingüístico en dos municipios del interior de Galicia. *Vox Romanica*, 73, 218-246.
- TABOADA, M. (1978). Algunos aspectos de la vida material y espiritual de A Mezquita. *Boletín Auriense*, VIII, 107-166.
- TABOADA, M. (1979a). Afinidades lingüísticas galego-portuguesas na fronteira de Ourense (1): notas fonético-morfolóxicas sobre as nasais. *Senara*, vol. I, 107-125.
- TABOADA, M. (1979b). *El habla del Valle de Verín*. Universidade de Santiago de Compostela. [Anexo 15 de *Verba*].

- TORRES LUNA, M. P. de e PAZO LABRADOR, A. (1994). *Parroquias y arciprestazgos de Galicia*. Universidade, Servicio de Publicaci3ns e Intercambio Científico.
- TOULMIN, S. (2003). *Regreso a la raz3n: el debate entre la racionalidad y la experiencia y la pr3ctica personales en el mundo contempor3neo*. Península. [Trad. Isabel González-Gayarza. Rev. Tomás Caballero].
- TOULMIN, S. (2007). *Los usos de la argumentaci3n*. Península. [Trad. María Morrás e Victoria Pineda].
- VASCONCELOS, J. Leite de (1985). *Opúsculos. Volume VI. Dialectología (Parte II)*. Imprensa Nacional. [Organizado por M. A. Valle Cintra].
- VÁZQUEZ SANTAMARÍA, M.ª E. (1971). *El habla de la Gudiña*. [Tese de licenciatura inédita, Universidade de Santiago de Compostela].
- VIDAL FIGUEROA, T. (1992). *A nasalidade en portugués e en galego, con especial referencia ó ancarés*. [Tese de licenciatura inédita, Universidade de Santiago de Compostela].

PERFIL ACADÉMICO-PROFESIONAL

Aquilino Santiago Alonso Núñez é doutor en Filoloxía galega pola Universidade de Santiago de Compostela e profesor titular de Lingua e Literatura galegas da Universidade de Vigo. Colaborou na elaboraci3n de libros de texto de bacharelato e Educaci3n Secundaria Obrigatoria, e publicou artigos e capítulos de libro de investigaci3n relacionados coa fonética, a fonoloxía, a formaci3n de palabras, os diminutivos, a morfoloxía flexiva, a etimoloxía, a xeografía lingüística, a dialectoloxía galega, os cambios lingüísticos no *continuum* dialectal galegoportugués e a narrativa galega do século XX.

Fecha de envío: 26-04-2024

Fecha de aceptaci3n: 07-07-2024

